

VIII CONGRESO FEDERAL
CIG Administración Pública

emprego público... ...e de calidade! servizos públicos...



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ESTATUTOS

ESTATUTOS

VIII Congreso Federal

Compostela, 27 de novembro de 2021

Emprego público ...
... e de calidade!
Servizos públicos ...

PRINCIPIOS PROGRAMÁTICOS E OBXECTIVOS DA CIG-ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PRINCIPIOS PROGRAMÁTICOS

DE CLASE.-

A CIG-Administración Pública defínese como a organización das traballadoras e traballadores das administracións públicas en Galiza; como tal, defende os seus intereses desde unha perspectiva de clase, feminista e non patriarcal, e loita contra a explotación capitalista en calquera das formas nas que esta se manifesta e reafírmase na loita de clases como motor da historia para acadar unha sociedade sen clases.

SOBERANÍA NACIONAL.-

A CIG-Administración Pública pula pola consecución da soberanía nacional porque Galiza é unha nación sen soberanía política, ao servizo de intereses alleos, sometida e dependente económica, política e culturalmente. A procura da nosa soberanía e o exercicio do dereito de autodeterminación son para nós irrenunciábeis. Desde a nosa independencia e autonomía sindicais, reclamámonos parte do movemento de liberación nacional galego.

DEMOCRACIA.-

A CIG-Administración Pública entende a democracia como valor universal, garante a igualdade de dereitos da súa afiliación, asegura o funcionamento democrático de todos os seus órganos de dirección e elixe todos os seus cargos democraticamente.

PLURALISMO.-

A CIG-Administración Pública é un sindicato plural. Nel conviven distintas sensibilidades e xeitos de entender a nosa sociedade, todas elas lexítimas e enriquecedoras. Respecta e fai respectar a liberdade interna e a diversidade de opinións políticas e ideolóxicas, tanto individuais como colectivas. Garante a liberdade de expresión e pensamento sen restricións de ningunha caste e cumpre e fai cumprir os estatutos dos que libre e voluntariamente se dote.

ASEMBLEARISMO.-

A CIG-Administración Pública entende a actuación sindical dun xeito asembleario e participativo, fuxindo do burocratismo e do corporativismo, e fomentando a participación das traballadoras e traballadores nas discusións e decisións.

INDEPENDENCIA.-

A CIG-Administración Pública é independente e soberana, e decide todas as cuestións que lle afecten sen inxerencia ningunha, de acordo cos principios, programa, estatutos, decisións dos órganos de dirección da CIG e pactos confederais polos que se obriga.

O GALEGO, IDIOMA OFICIAL.-

A CIG-Administración Pública ten como lingua única o idioma nacional de Galiza, propugna a súa extensión en todos os ámbitos da vida do noso país comprometéndose a traballar pola súa plena normalización, a facer un uso non sexista da lingua, e a respectar o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación.

SOLIDARIEDADE E INTERNACIONALISMO PROLETARIO.-

A CIG-Administración Pública, como organización da clase obreira no ámbito territorial da nosa nación, réxese polo principio do internacionalismo proletario, máxima expresión da solidariedade fraternal coa clase obreira doutros pobos e da unidade na loita cara a unha sociedade sen clases.

Promoverá as relacións fraternais con todas aquelas forzas internacionais afíns, no esforzo por loitar polos principios democráticos e populares, pola paz e o desarmamento e pola consecución dunha orde económica internacional máis xusta.

TRANSVERSALIDADE.-

A transversalidade das políticas de xénero nas administracións públicas é un reto para o traballo sindical. É a consideración sistemática das diferenzas entre as condicións, prioridades e necesidades respectivas das mulleres e dos homes no conxunto das políticas e accións sindicais, co obxectivo de aplicar a igualdade de oportunidades desde un enfoque global.

SUSTENTABILIDADE.-

A CIG-Administración Pública apoia todas as políticas que fornezan o mellor para as persoas e para o ambiente tanto agora como nun futuro indefinido.

OBXECTIVOS

Alguns dos grandes fins e obxectivos da CIG veñen ser o máis revelador do patrimonio común, e podemos especificar os seguintes:

- 1.- A mellora progresiva e xeral, individual e colectiva, dos intereses das empregadas e empregados públicos, da propia organización e do conxunto da sociedade galega, así como das súas condicións laborais e de calidade de vida.
- 2.- O marco galego de relacións laborais e a construción da central sindical única galega.
- 3.- O afondamento democrático e social constante co fin de achegármonos a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexa a forma na que estas se manifesten. Por iso pretendemos a superación do sistema capitalista e a construción do socialismo.
- 4.- O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións, incluído o de autodeterminación.
- 5.- Promovermos o máximo respecto a dignidade humana, a paz, a democracia, a xustiza social e a igualdade, así como a aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos a través da acción colectiva das empregadas e empregados públicos. Fomentarmos a solidariedade internacional, o bo entendemento e a boa vontade universais, o antimilitarismo, a solución pacífica dos conflitos, o desarmamento e a reconversión da industria militar en civil, así como unha nova orde internacional xusta.
- 6.- Esixirmos a utilización pacífica, racional e ao servizo de toda a humanidade dos avances científicos e tecnolóxicos, e impulsarmos modelos produtivos enerxéticos fundamentados ecoloxicamente participando activamente nos movementos sociais en defensa do territorio, da biodiversidade e do equilibrio medioambiental.
- 7.- Loitarmos contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na sociedade en razón de xénero, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión, opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica, nacional ou cultural.

- 8.- Impulsarmos a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional da mocidade na sociedade, asegurando a igualdade de oportunidades e a ausencia de discriminacións, e pularmos, de xeito especial, polo seu papel dirixente nas organizacións sindicais.
9. Fortalecer e visibilizar o discurso feminista para facer realidade, tanto no ámbito laboral como na organización interna, a igualdade de oportunidades. Seguir sumando á conciencia de clase, a conciencia de xénero, alentando a participación activa das mulleres na vida sindical, desterrando actitudes patriarcais como o paternalismo, a autosuficiencia e a violencia verbal.
- 10.- Pularmos pola plena integración sociolaboral das persoas con diversidade funcional.
- 11.- Elevarmos e defendermos os dereitos sindicais da afiliación a través do apoio xurídico, laboral, etc., ante os organismos e foros que fose necesario. Fomentarmos a organización, a solidariedade e o apoio mutuo como mecanismo de defensa dos seus intereses.
12. Pularmos pola completa normalización lingüística do idioma nacional de Galiza. Expresaremos todas as nosas actuacións en galego procurando o seu establecemento como única lingua oficial da nosa nación.
- 13.- Promovermos as estruturas e accións necesarias para a plena integración na sociedade dos grupos máis desfavorecidos, co obxecto de eliminarmos as bolsas de extrema pobreza e marxinação, combatendo as causas que as producen. Desenvolvermos políticas sobre a situación migratoria.
- 14.- Promovermos iniciativas, estudos, programas e proxectos de carácter social, laboral, tecnolóxico, educativo e formativo, dirixidos a impulsar a integración social e laboral do conxunto das empregadas e empregados públicos galegos e, dentro destes, especialmente daqueles colectivos que poidan ser considerados como máis desfavorecidos: paradas/os, non cualificadas/os, mulleres, mozas/os, maiores de 45 anos, discapacitadas/os.
- 15.- A CIG-Administración Pública impulsará a realización de políticas en Galiza que teñan sentido de estado, e a organización do país baseado na súa estrutura natural de comarcas, bisbarras e freguesías.
- 16.- A CIG-Administración defende os servizos públicos e a súa prestación directa á sociedade a través das persoas empregadas públicas, combatendo a súa privatización.

CAPÍTULO I

ELEMENTOS IDENTITARIOS

Artigo 1.- Definición

A CIG-Administración Pública é unha organización sindical que agrupa as traballadoras e traballadores que desenvolven a súa actividade profesional nas diferentes administracións públicas actuantes en Galiza e nos seus entes instrumentais: Administración Autonómica, Administración Local, Administración do Estado, Administración de Xustiza, entes públicos, organismos autónomos, o persoal de administración e servizos dos centros de ensino públicos e das universidades, Correos e Telégrafos, parques de bombeiros, así como as sociedades mercantís públicas e fundacións que sexan cento por cento de capital público e que teñan como actividade principal a prestación de servizos para a administración.

A CIG-Administración Pública está integrada como federación na Confederación Intersindical Galega (CIG).

Todas as referencias que de aquí en diante se fagan nestes estatutos e nos regulamentos de desenvolvemento á Federación, consideraranse feitas ao sindicato CIG-Administración Pública na súa condición de federación da CIG e ambos os termos serán usados indistintamente.

A CIG-Administración Pública désígnase abreviadamente por CIG-Admón. Pública ou CIG-Administración, e adopta como símbolos os da CIG.

Artigo 2.- Territorio

O seu ámbito territorial abrangue o da nación galega.

As traballadoras e traballadores galegos da Administración Pública na emigración poderán estar vinculados á CIG-Administración Pública.

Artigo 3.- Sede

A súa sede fíxase en Santiago de Compostela, na rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 10. 15703-Santiago, e poderá ser modificada por acordo da Executiva Nacional.

Artigo 4.- Idioma

O idioma oficial é o nacional de Galiza.

CAPÍTULO II

A AFILIACIÓN. DEREITOS E DEBERES. COTIZACIÓNS. RÉXIME DISCIPLINARIO

SECCIÓN PRIMEIRA: Afiliadas e afiliados

Artigo 5.- De como se produce a afiliación

Pódense afiliar á CIG-Administración Pública todas/os as/os traballadoras e traballadores que presten servizo en calquera das administracións, entidades e organismos incluídos no artigo 1 destes estatutos, en activo ou desempregadas/os, xubiladas/os e pensionistas, que acepten estes estatutos, os seus principios e obxectivos, e por extensión os da CIG.

A denegación, que debe ser motivada, é competencia da sección sindical ou do organismo comarcal correspondente, cando non exista sección sindical.

A decisión é recorrible perante a Executiva Nacional, que a deberá estudar na primeira xuntanza que realice despois de se interpor o recurso, agás que xa estivese convocada con anterioridade. Están lexitimados para recorrer, ademais da persoa interesada, calquera afiliada ou afiliado en plena disposición dos seus dereitos sindicais.

Artigo 6.- Adquisición da condición de afiliada e afiliado

A condición de afiliada ou afiliado produce efectos desde o primeiro día do mes no que se formaliza a ficha de afiliación, que se entenderá realizada no momento da asignación dun número de afiliación. O exercicio dos dereitos de acceso a unha atención específica, que requira un asesoramento individualizado, xa sexa sindical ou técnico, así como a participación en eleccións internas non se poderá reclamar até que transcorran tres meses desde aquela data e se satisfagan as cotas correspondentes a ese período. Estarase, así mesmo, a calquera outra consideración confederal a este respecto.

Artigo 7.- Perda da condición de afiliada ou afiliado

1.- A afiliada ou afiliado perderá a súa condición polos seguintes motivos:

- Por pedimento propio.

- Por non pagar os tres primeiros meses.
 - Por deixar de efectuar o pagamento da cota fixada durante seis meses consecutivos sen causa xustificada ou aclaratoria. Poderase producir o reingreso sen perda dos dereitos de antigüidade tras o pagamento das cotas que se deban e sempre que non transcorran máis de doce meses.
 - Por suspensión definitiva dos dereitos como afiliada/o en resolución validamente adoptada polo organismo competente, consonte os estatutos confederais.
 - Por participar en candidaturas doutras organizacións sindicais nas eleccións sindicais en concorrencia coas da CIG.
 - Por ter condena mediante sentenza xudicial por delitos de violencia de xénero.
- A reincorporación á CIG de quen causase baixa por algunha das causas establecidas nos 3 últimos apartados deste artigo requirirá informe favorábel previo do Secretariado Confederal, despois de consultar cos organismos afectados.

Artigo 8.- Son dereitos da afiliación

- a.- Elixir ou ser elixidas/os para calquera cargo ou para calquera órgano e ámbito de representación de acordo aos estatutos.
- b.- Participar na vida do sindicato e especialmente nas súas reunións, presentando, discutindo e votando as mocións e propostas que considere oportunas con plena liberdade de expresión e respecto ás ideas dos demais e ás súas propias.
- c.- Beneficiarse das accións desenvolvidas pola CIG-Administración Pública en defensa dos intereses profesionais, económicos, sociais e culturais, comúns e específicos.
- d.- Utilizar a asistencia técnica de todo tipo de que dispón a CIG, de acordo coas normas establecidas para este fin polos órganos competentes. Do dereito a asesoramento xurídico queda excluído calquera tipo de reclamación contra a central sindical e as súas organizacións, incluídas as fundacións impulsadas pola CIG.
- e.- Acceder aos locais sociais, á documentación e ás publicacións e ser informadas/os sobre todos os aspectos da actividade desenvolvida polo sindicato.
- f.- Criticar libremente nos organismos correspondentes as actuacións e decisións dos diversos órganos do sindicato, sen prexuízo da obriga de respectar as decisións democraticamente adoptadas.
- g.- Solicitar a convocatoria de calquera órgano colexiado da Federación, dentro do seu ámbito, nos termos que se establecen nestes estatutos.
- h.- Acudir á Comisión de Garantías da CIG en caso de discrepancia por motivo de sanción ou interpretación de normas.
- i.- Ser axudadas/os e asesoradas/os en caso de represión pola súa actividade sindical ou pola súa pertenza á CIG-Administración Pública.
- j.- Asistir ás reunións dos órganos oficiais con voz e sen voto, por convocatoria do devandito organismo.
- k.- Acudir á caixa de resistencia da CIG nos termos do regulamento de funcionamento aprobado polo Consello Confederal da CIG e ao fondo de solidariedade de acordo co seu regulamento.
- l.- Á confidencialidade dos seus datos persoais, que serán usados exclusivamente para os fins propios da actividade sindical nos termos da lexislación vixente sobre protección de datos.

Artigo 9.- Son deberes da afiliación

- a.- Participar nas actividades do sindicato, nas reunións, asembleas e actos convocados, desempeñando, se é o caso, as funcións propias do cargo para o que foron electas/os ou designadas/os, agás por causas debidamente xustificadas.
- b.- Apoiar solidariamente as accións propostas polo sindicato para conseguir os seus obxectivos, tácticos e estratéxicos, e actuar solidariamente na defensa dos intereses colectivos.
- c.- O aboamento da cota regulamentaria.
- d.- Divulgar as edicións e publicacións do sindicato.

- e.- Contribuír ao desenvolvemento da acción sindical nos centros de traballo, incentivando a participación das empregadas e empregados públicos na actividade sindical.
- f.- Respetar, cumprir e facer cumprir os estatutos, así como os acordos democraticamente adoptados polos órganos do sindicato.

SECCIÓN SEGUNDA: Cotizacións

Artigo 10.- Cota

- a.- O valor da cota mensual será o mesmo que o fixado na CIG.
- b.- Os sistemas de cobro serán os definidos polos estatutos da CIG.

SECCIÓN TERCEIRA: Réxime disciplinario

Artigo 11.-

En canto ao réxime disciplinario, estarase ao disposto nos estatutos da Confederación.

CAPÍTULO III

ORGANIZACIÓN DO SINDICATO

SECCIÓN PRIMEIRA: Organización sindical de base

Artigo 12.- A sección sindical

É a estrutura básica do sindicato.

- a) Está composta polo conxunto da afiliación en cada centro de traballo, e poderá constituírse naqueles en que se conte cun número mínimo de 3 persoas afiliadas.
- b) Malia o establecido no parágrafo anterior, e para adaptar a nosa estrutura á estrutura administrativa do país, as seccións sindicais axustan o seu ámbito ao órgano de representación ou ao territorio deste.
- c) A creación ou renovación de cada sección sindical deberá ser comunicada á/ao secretaria/o comarcal da Federación e á/ao secretaria/o nacional do sector, quen, pola súa vez, o porá en coñecemento da dirección comarcal da federación e da dirección nacional do sector.
- d) Cada persoa afiliada estará encadrada nunha sección sindical e, cando se trate de asembleas electivas, só poderá participar quen forme parte do ámbito persoal do órgano de representación do que se trate.
- e) No suposto de que coincidan dúas seccións sindicais ou máis nun mesmo centro de traballo ou órgano de representación deberán ser coordinadas pola/o secretaria/o nacional do sector.
- f) O funcionamento interno das seccións sindicais rexeráse polo regulamento vixente.

Artigo 13.- Os órganos da sección sindical

- Asemblea de sección sindical.
- Secretaria ou secretario da sección sindical.

Artigo 14.- A asemblea da sección sindical

É o órgano de deliberación e decisión da sección sindical. Está integrada por toda a afiliación do sindicato no seu ámbito de acordo ao disposto no artigo 12. Será convocada pola/o secretaria ou secretario con carácter ordinario segundo establece o regulamento do sector, e con carácter extraordinario por pedimento dun terzo da súa afiliación.

En todo caso, cando se celebren asembleas electivas de afiliación destas seccións sindicais para o exercicio das facultades regulamentadas neste artigo, será preceptiva a convocatoria de tantas asembleas simultáneas como comarcas implicadas, e celebraranse sempre que haxa un mínimo de 15 afiliadas/os en cada unha delas. Nas devanditas asembleas electivas o horario deberá garantir a máxima participación posíbel.

Son competencias desta asemblea:

- a.- Pronunciarse sobre todas as cuestións relativas á actividade sindical no seu ámbito.
- b.- Elixir as delegadas/os da sección sindical e a/o secretaria/o desta. Cando se celebren asembleas electivas o horario destas será en xornada de mañá e tarde, para facilitar e garantir a máxima participación posíbel.
- c.- Propor as candidaturas para participar nos procesos electorais dentro do seu ámbito. No suposto de procesos para a elección de candidaturas a órganos de representación terase en conta o seguinte:
 - 1. No caso das seccións sindicais de ámbito territorial só poderán participar nas votacións de conformación das candidaturas os afiliados e afiliadas que estean dentro do ámbito persoal de cada órgano de representación.
 - 2. Cando o ámbito persoal dun órgano de representación afecta a varias seccións sindicais distintas utilizarase o mesmo procedemento que para as asembleas que afectan a máis dunha comarca e serán convocadas pola secretaria ou secretario nacional do sector.
- d.- Impulsar a política sindical e elixir as persoas representantes dos órganos que se creen no seu ámbito.
- e.- Aprobar as acumulacións de horas para delegadas/os dos comités de empresa, xuntas de persoal e representantes das seccións sindicais, e comunicarllelo ás executivas comarcais correspondentes.
- f.- Aprobar as posicións que deban defender as/os delegadas/os da CIG-Administración Pública nos órganos de representación.
- g.- Aprobar as posicións que deban defender o/a secretario/a da sección nos órganos de goberno da CIG nos que lle corresponda participar e dos que sexa membro pola número de persoas afiliadas da propia sección, de ser o caso.
- h.- Calquera outra función que estatutariamente lle correspondese.

Artigo 15.- A secretaria ou secretario da sección sindical

Será elixida ou elixido pola asemblea de entre as persoas que a integran.

Son as súas funcións:

- a.- Representar o sindicato no seu ámbito.
- b.- Convocar e presidir as asembleas da sección sindical.
- c.- Coordinar e impulsar a actividade da sección sindical.
- d.- Redactar acta de todas as xuntanzas da sección sindical, ou delegar nunha persoa designada pola asemblea.
- e.- Terá permiso de consulta dos datos de afiliación da súa sección sindical e informes agregados e desagregados desta a través da/o secretaria/o comarcal da Federación (única persoa autorizada a ter os censos). Para solicitar listaxes impresas deberá acudir á súa secretaria/o comarcal da Federación para que lle cubra a solicitude da listaxe e, unha vez entregada esta, que se lle asine unha nota de recepción.
- f.- Trasladar e defender os acordos que se tomen no ámbito da sección sindical nos órganos de goberno da CIG nos que lle corresponda participar e dos que sexa membro/a polo número de persoas afiliadas da propia sección, de ser o caso.

SECCIÓN SEGUNDA: Organización territorial e sectorial

Artigo 16.- Organización territorial

- 1.- A CIG-Administración Pública adopta a mesma organización territorial que ten a Confederación, estando constituída polas comarcas de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- 2.- A Dirección Nacional poderá, de acordo coa estrutura territorial da Confederación, e por proposta das executivas comarcais, acordar a constitución de unións locais da Federación.

Artigo 17.- Organización sectorial

- 1.- A CIG-Administración Pública ten constituídos os seguintes sectores: Administración Autonómica, Correos, Administración do Estado, Administración Local, Universidade, Administración de Xustiza.
- 2.- Cada sector constituído na CIG-Administración Pública aprobará o seu propio regulamento de organización e funcionamento para o seu ámbito de competencia, que en ningún caso será contrario a estes estatutos. Os regulamentos de sector deberán recoller as reunións periódicas de asembleas de delegados/as comarcais, así como as reunións das/dos responsábeis de sector coas distintas secretarías/os de seccións sindicais e reunións das seccións sindicais de órganos de representación.

SECCIÓN TERCEIRA: Órganos de goberno

Artigo 18.- Os órganos de goberno do sindicato son os seguintes:

COLEXIADOS:

- Congreso Nacional
- Dirección Nacional
- Executiva Federal
- Asemblea Comarcal
- Dirección Comarcal
- Executiva Comarcal
- Asemblea Nacional de sector
- Dirección Nacional de sector
- Executiva Nacional de sector
- Asemblea Comarcal de sector
- Seccións sindicais de máis de 100 membros

UNIPERSOAIS:

- Secretaria ou secretario nacional
- Secretaria ou secretario nacional de sector
- Secretaria ou secretario comarcal
- Responsábel comarcal de sector

ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 19.- O Congreso Nacional

O Congreso é o órgano soberano da CIG-Administración Pública e os seus acordos, validamente adoptados, son de obrigado cumprimento para o conxunto da afiliación e estruturas da CIG-Administración Pública. Estará composto por un número total de delegadas/os que determinará a Dirección Nacional na convocatoria, cos seguintes criterios:

- 1.- Son membros natos do Congreso as/os compoñentes da Dirección Nacional.
- 2.- Os restantes delegados e delegadas serán elixidos/as polos sectores nas comarcas, segundo a proporcionalidade de afiliación.
 - a) Convocatoria:

O Congreso ordinario da CIG-Administración Pública será convocado pola Dirección Nacional unha vez cada catro anos. A Dirección Nacional poderá, por causas debidamente xustificadas, adiar o Congreso Nacional.

O Congreso extraordinario poderá ser convocado a pedimento dun terzo da afiliación ou de dous terzos das persoas membros da Dirección Nacional. O prazo entre a solicitude e o Congreso non poderá exceder de catro meses. A convocatoria realizarase por escrito cunha antelación mínima de dous meses. O Congreso extraordinario só poderá pronunciarse sobre os asuntos obxecto da convocatoria.

A Dirección Nacional aprobará, por proposta da Executiva, un regulamento precongresual, elaborará unha proposta de regulamento para as sesións do Congreso e designará as comisións encargadas da redacción dos relatorios.
 - b) Competencias:

Aprobar o programa da CIG-Administración Pública e os estatutos.

Definir as orientacións básicas da acción sindical.

Elixir a/o secretaria/o nacional, a Executiva Federal e as/os representantes da Federación no Consello Confederal.

Analizar a xestión dos órganos de goberno nacionais.

Aprobar a xestión económica e liquidación de contas.

Coñecer e decidir sobre aquelas cuestións que se lle sometan respectando os estatutos.
 - c) Funcionamento:

As sesións do Congreso axustaranse ao regulamento elaborado pola Dirección Nacional, que deberá ser aprobado polo propio Congreso. Das sesións do Congreso redactarase acta e os seus acordos serán públicos para coñecemento de toda a afiliación. A recompilación e custodia destes documentos será responsabilidade da área de organización.

Artigo 20.- Dirección Nacional

É o máximo órgano entre congresos.

- a) Composición:
 - Executiva Federal.
 - Secretarios/as nacionais de sector.
 - Secretarios/as comarcais da Federación.
 - Representantes da Federación no Consello Confederal.
 - Sumados as/os anteriores e até un máximo de 41 elixidos/os polos sectores en función da afiliación sectorizada.
- b) Competencias:
 - 1.- Convocar o Congreso e aprobar o regulamento precongresual por proposta da Executiva.
 - 2.- Convocar a celebración de conferencias e debates que se consideren transcendentais.
 - 3.- Aprobar o orzamento elaborado pola Executiva.
 - 4.- Aprobar os regulamentos de finanzas, liberadas/os, seccións sindicais, fondo de solidariedade e calquera outro que afecte á totalidade da Federación.
 - 5.- Analizar a situación socioeconómica.
 - 6.- Analizar e actualizar os criterios xerais de negociación colectiva.
 - 7.- Elixir a/o secretaria/o nacional en caso de ausencia definitiva deste/a, por maioría absoluta de entre as persoas membros da Executiva e por proposta desta.

- 8.- Examinar e aprobar, se procede, a xestión da Executiva.
 - 9.- Elaborar a documentación e as propostas que considere oportunas para someter á consideración do Congreso.
 - 10.- Crear os grupos de traballo que considere oportunos co fin de elaborar estudos e propostas sobre as materias que poidan mellorar a nosa acción sindical.
 - 11.- Decidir sobre o asinamento de convenios ou acordos do sindicato con outras organizacións.
 - 12.- Aprobar os convenios e acordos coa Administración que afecten a máis dun sector.
 - 13.- Coñecer os nomeamentos das persoas liberadas institucionais realizados polas direccións comarcais.
- c) Funcionamento:
- Reunirse ordinariamente unha vez cada catro meses e, extraordinariamente, cando a convoque a Executiva Nacional ou a solicite un terzo das/os seus membros.

Artigo 21.- Executiva Federal

É o órgano que dirixe o funcionamento ordinario do sindicato e que executa os acordos do Congreso e da Dirección Nacional.

- a).- Composición: Nove membros electos no Congreso. A/o secretaria/o federal e oito membros máis, que ocuparán cadansúa responsabilidade nacional específica a través dunha secretaría federal. A Dirección Nacional ratificará a distribución das áreas de traballo e responsabilidades específicas asignadas a cada secretaría federal que garantirán, cando menos, a atención das áreas de organización, institucional, acción sindical, negociación colectiva, finanzas, formación, saúde laboral, acción social, mocidade, comunicación, muller e asesoría xurídica. A Executiva Federal deberá dotarse dun regulamento de funcionamento que determine o método de materiais de apoio ao traballo de cada área de responsabilidade. A elección farase por candidaturas pechadas e repartición directamente proporcional dos membros en función do número de votos acadado por cada candidatura presentada.
- b) Competencias:
- 1.- Fixar os obxectivos xerais da negociación colectiva e planificar a acción sindical do conxunto da Federación.
 - 2.- Elaborar os orzamentos da Federación.
 - 3.- Designar, logo da selección, o persoal que dependa da Federación.
 - 4.- Xestionar as finanzas e administrar as cotas cedidas.
 - 5.- Elaborar os voceiros da Federación e a propaganda xeral.
 - 6.- Exercer mancomunadamente ou de xeito individual, por delegación expresa nalgún das/os seus membros, a representación xurídica, económica, legal e institucional da CIG-Administración Pública en todos os seus ámbitos de actuación.
 - 7.- Examinar a xestión e o funcionamento dos órganos sectoriais e comarcais co fin de adoptar as medidas organizativas oportunas de cara ao seu mellor funcionamento.
 - 8.- Designar as/os representantes de CIG-Administración Pública en todos os ámbitos de negociación de carácter federal, por proposta do sector afectado. Cando o ámbito abranga a varios sectores, a proposta corresponderá aos sectores afectados.
 - 9.- Designar, de entre as persoas que a compoñen, as responsábeis de cada área a proposta da/o secretaria/o federal.
 - 10.- Convocar calquera órgano da CIG-Administración Pública.
 - 11.- Decidir sobre os recursos que lle sexan presentados.
 - 12.- Aprobar os plans de formación continua e interna.
 - 13.- Coordinar as actividades sindicais de comarcas e sectores.
 - 14.- Organizar as actividades sindicais da CIG-Administración Pública.
 - 15.- Presentar á Dirección Nacional as propostas que considere.
 - 16.- As que lle sexan delegadas pola Dirección Nacional e polos regulamentos dos que se dote a Federación.
 - 17.- Coñecer e comunicar á Administración Pública correspondente o nomeamento persoas liberadas institucionais realizados polas direccións comarcais.

c) Funcionamento:

1. Xuntarase con carácter ordinario unha vez ao mes e, de xeito extraordinario, cantas veces sexa preciso. Será convocada pola/o Secretaria/o Nacional con 48 horas de antelación as de carácter ordinario, e con 24 h as extraordinarias.
2. Poderá ser convocada, así mesmo, por pedimento de 1/3 das/os seus membros nun prazo de 4 días.
3. As secretarías de área presentaranlle á Executiva a súa programación anual ou plurianual; de igual modo esta planificará a estratexia sindical a seguir pola CIG-Administración Pública. Unha vez vistas as propostas, a Executiva proporá a súa aprobación á Dirección Nacional, nun prazo máximo de seis meses desde o Congreso.
- d) A Federación de CIG-Administración Pública promoverá a liberación da/o secretaria/o federal e das/os membros da Executiva Federal.

As secretarías ou secretarios de área

Serán as/os responsábeis de elaborar, coordinar, dirixir e informar a Executiva Federal e a Dirección Nacional de todos os asuntos relativos á súa área. Teñen a mesma incompatibilidade que os órganos unipersoais.

Artigo 22.- Asemblea comarcal

É o máximo órgano da CIG-Administración Pública en cada comarca. Está constituída por toda a afiliación na comarca.

a) Competencias:

1. Elixir a/o secretaria/o comarcal.
2. Elixir as/os membros da executiva comarcal.
3. Analizar a xestión da dirección comarcal.
4. Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ao conxunto da Federación no seu ámbito.
5. Elixir as persoas representantes da CIG-Administración Pública na dirección comarcal da Confederación.
6. Elixir as persoas membros da dirección comarcal.

b) Funcionamento:

Xuntarase con carácter ordinario unha vez ao ano, convocada pola/o secretaria/o comarcal cunha antelación mínima de sete días, e con carácter extraordinario cando o solicite 1/4 da afiliación na comarca ou 2/3 dos membros da dirección comarcal.

Artigo 23.- Dirección comarcal

É o máximo órgano na comarca entre asembleas. Está composto pola executiva comarcal, as/os responsábeis dos sectores na comarca e un número de membros que corresponde ao 1,5 % do número de afiliadas/os da Federación na comarca, sendo un máximo de 27 compoñentes.

a) Competencias:

1. Analizar a situación social e sindical na comarca dentro do seu ámbito.
2. Convocar a asemblea comarcal extraordinaria.
3. Aprobar os orzamentos comarcais.
4. Elixir a/o secretaria/o comarcal en caso de ausencia definitiva desta/e, de entre as persoas que compoñen a executiva comarcal.
5. Determinar o número de membros da executiva comarcal.
6. Examinar a xestión da executiva comarcal e proporlle as medidas que considere oportunas para o seu mellor funcionamento.

7. Coordinar o funcionamento dos sectores no seu ámbito.
 8. Ser informado das acumulacións de horas sindicais aprobadas polas seccións sindicais.
 9. Elixir as persoas que ocuparán as liberacións institucionais que correspondan a cada comarca, previa repartición da dirección nacional do sector correspondente.
- b) Funcionamento:
Xuntarase cada seis meses convocada pola/o secretaria/o comarcal.

Artigo 24.- Executiva comarcal

É o órgano de dirección na comarca.

a) Composición:

A/o secretaria/o comarcal máis un número par de membros, que será determinado pola dirección comarcal en función da afiliación, liberadas/os e delegadas/os. O número mínimo a elixir será de cinco compoñentes, secretaria/o comarcal e catro membros máis, que terán as responsabilidades das seguintes áreas: organización, formación, finanzas e muller; o número máximo que se elixa será de nove, en correspondencia coas áreas da executiva nacional. A elección farase na asemblea comarcal, en listaxes pechadas e cunha repartición directamente proporcional dos membros en función do número de votos acadados por cada candidatura presentada.

b) Competencias:

1. Administrar e dirixir a Federación na comarca, cumprindo as resolucións da asemblea e da dirección comarcal e os acordos dos órganos nacionais.
2. Designar as/os responsábeis das distintas áreas a proposta da/o secretaria/o comarcal escoitado o organismo .
3. Elaborar os orzamentos e partes de finanzas na comarca.
4. Presentar informe da súa xestión á dirección comarcal.
5. Convocar os órganos comarcais.
6. Ser informado das acumulacións de horas sindicais.
7. Coordinar o funcionamento dos sectores no seu ámbito.
8. Impulsar a creación das seccións sindicais.
9. Velar polo cumprimento dos regulamentos no seu ámbito.

c) Funcionamento:

Xuntarase como mínimo unha vez ao mes, sendo convocada pola/o secretaria ou secretario comarcal ou por pedimento dun terzo dos seus membros.

d) Secretarías de área comarcais:

En cada comarca haberá un número de secretarías de área, que serán determinadas pola dirección comarcal correspondente. As funcións de cada área serán as mesmas que as da Executiva Federal. A maiores, a secretaria de finanzas fará un seguimento das cotas reducidas co fin de garantir a continuidade da situación que as orixina. A de organización, ademais, recibirá copias dos movementos de afiliación achegando relación nominal de altas e baixas ao/á responsábel do sector e ao secretario/a da sección sindical, e, de existir, á executiva nacional do sector, cumprindo en todo caso a lexislación sobre protección de datos. Así mesmo, será responsábel do seguimento da actualización periódica das bases de datos da afiliación.

Artigo 25.- Asemblea nacional de sector

Reúne a afiliación ou compromisarias/os de cada un dos sectores, segundo os seguintes supostos:

- 1.- Aqueles sectores que, no ámbito nacional, contén con menos de 750 afiliadas/os celebrarán asemblea aberta de toda a súa afiliación.

- 2.- Aqueles sectores que, no ámbito nacional, contén con 750 ou máis persoas afiliadas celebrarán asembleas de compromisarias/os, segundo a seguinte ratio:
- Até 750 persoas afiliadas elixirán 1 compromisaria/o por cada 7 afiliadas/os.
 - De 751 en diante, cada tramo de 250 afiliadas/os incrementarán en 1 o número de compromisarias/os que poden elixir.

a) Competencias:

1. Aprobar o regulamento de organización e funcionamento do sector.
2. Elixir a secretaria ou secretario nacional do sector.
3. Elixir as/os representantes que lle correspondan ao sector na Dirección Nacional da Federación.
4. Examinar a actividade sindical feita pola/o secretaria/o e a dirección nacional do sector.
5. Propor todas aquelas actividades que considere oportunas para o mellor funcionamento do sector.
6. Elixir o número de membros para á dirección nacional do sector segundo a súa afiliación.
7. Elixir as/os membros da executiva nacional do sector, cando regulamentariamente o sector teña prevista a existencia deste órgano.
8. Calquera outra que o regulamento do sector estableza dentro das súas competencias estatutarias.

Artigo 26.- A dirección nacional de sector

a) Composición:

- Secretaria/o de sector ou executiva nacional do sector, se é o caso.
- Secretarías/os das seccións sindicais de máis de 100 membros.
- Un número de membros elixidos na propia asemblea nacional do sector, que será de 15 membros para aqueles sectores de máis de 1.500 afiliadas/os e dun mínimo de 7 para aqueles sectores de menos de 1.500 afiliadas/os.
- Responsábeis comarcais de sector.
- Representantes do sector na dirección nacional da Federación.

Tamén participarán con voz pero sen voto os membros das mesas de negociación e as/os liberadas/os institucionais.

Igualmente, nas xuntanzas da dirección nacional do sector poderá participar, con voz pero sen voto, calquera delegado/a de sección sindical validamente constituída no seu ámbito, que teña a condición de afiliado/a, cando o comunique ao secretario/a nacional do sector con 24 horas de antelación.

b) Competencias:

1. Planificar, dirixir e impulsar a actividade sindical no sector, cumprindo as resolucións da asemblea nacional do sector e as dos órganos nacionais da Federación.
2. Convocar a asemblea de sector.
3. Dinamizar a acción sindical no seu contexto específico.
4. Realizar a repartición de liberacións institucionais que lle correspondan a cada comarca, de acordo co establecido no artigo 39 destes estatutos.
5. Designar as/os representantes de CIG-Administración Pública no seu ámbito e comunicalo á Executiva Federal.
6. Coordinar a actividade das delegadas/os do sector.
7. Decidir sobre o asinamento dos convenios, pactos e acordos coa Administración que afecten unicamente ao sector.
8. Decidir sobre os criterios de gastos que correspondan ao sector, de acordo cos orzamentos aprobados pola Dirección Nacional da Federación.

c) Funcionamento:

Xuntarase polo menos unha vez cada catro meses, sendo convocada pola/o secretaria ou secretario de sector. Poderá ser convocada de xeito extraordinario a petición de 1/3 dos seus membros ou da Executiva Nacional da Federación.

Artigo 27.- Executiva nacional de sector

Aqueles sectores que así o acorden na súa asemblea nacional poderán constituír a executiva nacional do sector, que será o órgano que dirixa o funcionamento ordinario do Sector e que execute os acordos da asemblea e da dirección nacional.

A súa composición, funcións, competencias e réxime de funcionamento serán determinadas, de ser o caso, no regulamento de organización e funcionamento do sector, estando entre elas as seguintes:

1. Dirixir o sector, cumprindo as resolucións da asemblea nacional e da dirección nacional.
2. Designar as/os responsábeis das distintas áreas por proposta da/o secretaria/o nacional.
3. Presentar informe da súa xestión á dirección nacional, así como as propostas que considere.
4. As que lle sexan delegadas pola dirección nacional e polo regulamento do sector.

Artigo 28.- A asemblea comarcal de sector

Realizaranse asembleas de sector de ámbito comarcal e serán convocadas pola/o responsábel comarcal no respectivo ámbito territorial.

Entre as súas competencias estarán a elección do responsábel comarcal de sector e dos/as compromisarias/os para a asemblea nacional do sector, cando corresponda.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 29.- A secretaria ou secretario nacional

É a/o representante pública/o da CIG-Administración Pública no ámbito nacional e do Estado.

a) Funcións:

- Convoca, preside e coordina as xuntanzas da Executiva Nacional e da Dirección Nacional.
- Poderá participar en calquera órgano da Federación, presidíndoo con voz e sen voto.
- Asinará, xunto coa/o secretaria/o de finanzas e de organización, as contas da Federación.
- Proporalle á Executiva as/os responsábeis das distintas áreas.
- Coordinará as/os representantes da Federación no Consello Confederado naquelas cuestións que teñan especial incidencia na propia Federación.

En caso de cesamento ou dimisión entre congresos, será substituída/o, no prazo máximo de seis meses, por outro membro da Executiva Nacional da CIG-Administración Pública elixido pola maioría absoluta dos membros da Dirección Nacional.

Artigo 30.- A secretaria ou secretario nacional de sector

Exerce a representación do sector e coordina as actividades que se desenvolven neste. Será elixida/o na asemblea nacional do sector.

Poderá así mesmo participar en calquera asemblea do seu ámbito, presidíndoa con voz e sen voto.

O secretario ou secretaria nacional do sector terá acceso aos censos do seu sector, nos termos previstos no protocolo de censos.

No caso de cesamento ou dimisión entre asembleas nacionais, será substituído/a, no prazo máximo de seis meses, por outro membro da dirección nacional do sector, elixido/a pola maioría absoluta deste órgano.

Artigo 31.- A secretaria ou secretario comarcal

É elixida/o pola asemblea comarcal, ante a que responderá da súa actuación.

É a persoa representante da Federación na súa comarca e coordina a actividade sindical que se desenvolve no seu ámbito territorial.

Poderá participar en calquera asemblea do seu ámbito, presidíndoa con voz e sen voto.

Convocará as asembleas comarcais constituíntes de cada sector.

Artigo 32.- Responsábel comarcal de sector

É elixido/a pola asemblea comarcal de sector naqueles sectores que regulamentariamente estea establecido, e formará parte da dirección nacional do sector e da dirección comarcal da Federación.

Terá como función a de impulsar e efectivizar a acción sindical no ámbito do seu sector na comarca, coordinando as seccións sindicais e as delegadas/os do seu ámbito. Para iso, e segundo estableza o regulamento do sector, convocará periodicamente asembleas de delegadas/os do seu ámbito, e conxuntamente coa/cos responsábeis do sector noutras comarcas pertencentes ao mesmo ámbito de órganos de representación, asembleas de secretarías/os de seccións sindicais.

CAPÍTULO IV

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 33.- Das maiorías

Os acordos de calquera órgano da CIG-Administración Pública adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes segundo o estipulado no artigo 34, agás disposición estatutaria que estableza outro tipo de maioría.

Artigo 34.- Da constitución válida dos órganos

As xuntanzas de calquera órgano da CIG-Administración Pública considéranse validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan a metade máis un dos seus membros e, en segunda convocatoria un terzo, sempre que a reunión fose convocada en debida forma e cunha antelación mínima de 48 horas.

Entre a primeira e a segunda convocatoria mediará un prazo non menor de media hora.

Consideraranse igualmente válidas as xuntanzas virtuais convocadas cumprindo os requisitos citados con anterioridade sempre e cando a totalidade dos membros do organismo poidan dispoñer dos medios e capacitación precisos.

Artigo 35.- Das actas

De cada xuntanza dos órganos de CIG-Administración Pública redactarase unha acta, na que constarán as/os asistentes, os acordos adoptados e as votacións realizadas, dando conta igualmente das intervencións no caso de que así o solicite a persoa interesada.

Os distintos organismos elixirán de entre os seus membros unha secretaria ou secretario de actas. De cada acta mandarase copia ao órgano superior inmediato unha vez aprobada.

Artigo 36.- Do idioma

A CIG-Administración Pública e o conxunto de delegados/as usarán exclusivamente o galego na documentación e en todo tipo de actividades. Prestarase especial coidado no uso de linguaxe non sexista.

Artigo 37.- Das candidaturas

Na CIG-Administración Pública a elección de órganos, cargos e representantes da CIG nas mesas de negociación, no comité intercentros e en calquera outro organismo negociador ou sistema de traballo negociador farase mediante a presentación de candidaturas en listaxes pechadas, que deberán conter cando menos o número de persoas de que se compón o organismo que se vaia elixir. O repartimento dos postos será directamente proporcional ao número de votos acadados por cada candidatura presentada.

É responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente no ámbito en que se produce a elección a presentación dunha candidatura.

Artigo 38.- Das votacións

Todos os cargos de CIG-Administración Pública proveranse mediante votación secreta e persoal.

En casos determinados poderá admitirse a votación a man alzada cando así o considere a totalidade das/os asistentes ao órgano elector.

Artigo 39.- Das liberadas e liberados

- 1.- As liberacións institucionais da CIG-Administración son aquelas que, en virtude de pactos, acordos ou porque así o estableza a normativa en vigor, lle correspondan proporcionalmente á Federación pola súa condición de sindicato máis representativo ou segundo os resultados electorais referidos sempre ao número de persoas delegadas obtidas nas eleccións sindicais que dan dereito a esas liberacións.
- 2.- O repartimento de liberacións institucionais realizarao a dirección nacional do sector correspondente garantindo unha persoa liberada por cada comarca. Se o número de liberados/as non fose suficiente ou superase o número de comarcas, o repartimento farase tendo en conta o número de persoas afiliadas.
- 3.- A elección das persoas que ocuparán as liberacións institucionais corresponderá á dirección comarcal afectada. No caso de que a dirección nacional do Sector ou o responsábel comarcal do sector na comarca afectada formulen desacordo por escrito con algunha ou algunhas das persoas elixidas pola dirección comarcal da Federación dentro do prazo de 10 días naturais, xuntarase a asemblea de afiliadas/os do sector na comarca afectada no prazo de 20 días naturais (contados dende a recepción do escrito de desacordo), para realizar a elección definitiva das persoas liberadas.
O/a secretario/a comarcal comunicará o resultado definitivo da elección á dirección nacional do sector e á Executiva Federal, para que realice a súa designación.
- 4.- A liberación de delegados/as sindicais por acumulacións de horas para comités de empresa, xuntas de persoal ou representantes das seccións sindicais correspóndelles ás propias seccións sindicais, que as comunicarán ás executivas comarcais correspondentes.
- 5.- É obriga das persoas liberadas sindicais colaborar e participar activamente no traballo sindical en todos os ámbitos: comarcal, sectorial, federal e confederal.
- 6.- As persoas liberadas da CIG-Administración Pública rexeranse polo regulamento existente.

Artigo 40.- Da permanencia dos cargos unipersoais

Nos seguintes órganos unipersoais da Federación: secretaria ou secretario nacional, secretaria ou secretario de sector e secretaria ou secretario comarcal, está limitada a duración continuada dunha mesma compañeira ou compañeiro nun mesmo cargo até un máximo de dous períodos congresuais.

De non existiren candidatos/as, a Dirección Nacional poderá autorizar a continuación destas/es, agás no caso da secretaria ou secretario nacional, que deberá decidilo o Congreso.

Artigo 41.- Das incompatibilidades

O desempeño dos seguintes cargos da Federación: secretaria ou secretario federal, secretaria ou secretario nacional de sector, secretaria ou secretario comarcal e secretaria/o de área nacional, será incompatíbel con cargos de representación pública de carácter político.

Artigo 42.- Das substitucións

En caso de ausencia da secretaria ou secretario nacional ou das secretarías ou secretarios comarcais serán substituídos nas súas funcións polos correspondentes secretarías ou secretarios de organización.

Artigo 43.- Da renovación de órganos e cargos

A renovación de todos os órganos e cargos non elixidos no Congreso efectuarase nun prazo máximo de seis meses a partir da súa celebración.

Artigo 44.- Da participación da muller

Para lograr a participación das mulleres en todos os órganos da dirección da CIG tanto territoriais como federativos, será de carácter obrigatorio a aplicación dos seguintes criterios para a composición das candidaturas:

- 1.- Naquelas estruturas nas que a afiliación de mulleres sexa superior ao 30% do total da afiliación, serán válidas aquelas candidaturas que garden a proporción do 60/40% para cada un dos xéneros.
- 2.- Naquelas estruturas nas que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30%, as candidaturas incorporarán como mínimo unha porcentaxe de mulleres igual ao mesmo número de afiliadas á devandita estrutura, incrementada esta porcentaxe nun 10%.

As proporcións mencionadas deberán ser respectadas, tanto no tramo das persoas titulares como no das suplentes. Esta proporción deberá respectarse tamén na orde na que deben figurar os candidatos e candidatas da listaxe.

As porcentaxes de xénero que aparecen recollidas nos apartados 1º e 2º teñen carácter de mínimos para o caso de representación das mulleres; polo tanto, non poderá invalidarse ningunha candidatura por superar as devanditas porcentaxes.

CAPÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 45.- Dos recursos económicos

Os recursos de CIG-Administración Pública estarán constituídos por:

- a) A parte proporcional da cota acordada pola Confederación das cotizacións da afiliación.
- b) As doazóns e legados a favor da Federación.
- c) As subvencións e subsidios que lles sexan concedidas á Federación.
- d) Os derivados da aplicación do regulamento financeiro da Confederación.
- e) Calquera outro obtido polas actividades lícitas de acordo con estes estatutos.

Artigo 46.- Dos criterios de gasto

Os criterios de gasto deberán ser aprobados pola Dirección Nacional da Federación a proposta da Executiva Federal, de acordo co regulamento financeiro da Confederación.

Os orzamentos anuais conterán unha previsión orzamentaria para dispor polos distintos sectores da CIG-Administración Pública, cuxo importe non poderá exceder, no seu conxunto, do 10% dos orzamentos anuais da Federación. A asignación desta contía total entre os diferentes sectores farase de xeito proporcional á afiliación de cada sector.

A disposición dos fondos asignados a cada sector corresponderá á súa Executiva ou Dirección Nacional, segundo o determine o seu regulamento de funcionamento. O órgano correspondente do sector virá obrigado a achegar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, a oportuna e ulterior xustificación á Executiva Federal, tanto da súa finalidade como da súa execución.

O sobranche do fondo non executado polos sectores en cada exercicio orzamentario reverterá na Caixa Nacional.

Artigo 47.- Das normas contábeis

O Regulamento de finanzas establece as normas de administración e contabilidade polas que se rexerá o conxunto da Federación da CIG-Administración Pública.

Artigo 48.- Do fondo de solidariedade

A CIG-Administración Pública ten constituído un fondo de solidariedade destinado a apoiar economicamente a compañeiras e compañeiros que sexan separadas/os do servizo activo por expediente disciplinario, sempre que se cumpran as bases do propio regulamento.

Desde o 1 de xullo de 2001, o fondo nútrese cun 10% da parte das cotas que reciba a CIG-Administración Pública.

O fondo é xestionado pola Executiva Nacional, que, para o cumprimento deste fin, elaborará un Regulamento da súa organización e distribución, sempre baseándose nos fondos existentes e na antigüidade da/o afiliada/o.

En todo caso, o excedente do fondo, agás os últimos 12 meses, reverterá anualmente na Caixa Nacional da Federación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Da aprobación dos estatutos

A aprobación e modificación destes estatutos é competencia exclusiva do Congreso da CIG-Administración Pública, e requirirá unha maioría absoluta en votación global.

SEGUNDA.- Da constitución e disolución da CIG-Administración Pública

A CIG-Administración Pública constitúese dentro da CIG como un sindicato autónomo cos seus propios estatutos e federado por tempo indefinido.

A súa disolución, desconfederación, fusión ou integración noutra organización sindical, así como a fusión con outros sindicatos integrantes da Confederación Intersindical Galega, terá que ser acordada en Congreso extraordinario convocado para tal efecto e aprobada por maioría de 2/3 dos seus membros. En caso de disolución, desconfederación, fusión ou integración noutra organización sindical, o seu patrimonio será doado á CIG e, de non existir esta, ao que o Congreso acorde.

TERCEIRA.- Da complementación cos estatutos da CIG

Os aspectos non establecidos nestes estatutos regularanse polo disposto nos estatutos da Confederación.

As materias non reguladas polos estatutos da CIG como competencia confederal poderán ser asumidas por este sindicato como competencia propia e poderán ser desenvolvidas regulamentariamente e atribuída a súa execución por estes estatutos aos órganos establecidos neles.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA.- Os regulamentos a que fan referencia estes estatutos deberán ser aprobados polo órgano competente segundo os estatutos de CIG-Administración Pública nun prazo de seis meses. En todo o que non contradigan estes estatutos, e provisoriamente, até que se aproben estes novos regulamentos, permanecerán vixentes os actuais.

Antes de que transcorra un ano desde o peche das sesión do Congreso, a Executiva Nacional publicará un documento que recolla os relatorios aprobados polo VIII Congreso e os regulamentos citados nos estatutos.

DISPOSICIÓN FINAL

As modificacións estatutarias aprobadas entrarán en vigor unha vez clausurado o VIII Congreso da CIG-Admón. Pública.

